

OS BICI-VIXIAS DO AMBIENTE

O colectivo ecoloxista Xevale (Xente que vale) centrou os seus esforzos nesta tempada Outono-Inverno no funcionamento dunhas brigadas de vixiancia ambiental en bicicleta, chamadas bici-vixias ambientais co fin de, continuamente, estar percorrendo os distintos espazos de interese que na nosa comarca corren risco de estar sometidos a problemas ecolóxicos ou paisaxísticos.

Tres grupos (formados por dúas persoas cada un) desenvolven semanalmente tres roteiros ou itinerarios de vixiancia ambiental. Equipadas con bicicleta, prismáticos e máquina fotográfica, toman nota de calquer tipo de atentado ecolóxico ou paisaxístico, cubrindo unha

vez finalizado o roteiro a correspondente denuncia.

Esta denuncia é trasladada en formato oficial tanto o Concello de Chantada coma a Comisión Galega de Medio Ambiente. Co material recollido publicarase un dossier, estando a estudar a preparación dunha exposición.

Tamén os bici-vixias recollen mostras de augas e doutro tipo co fin de envialas para a súa análise, e como complemento, puntualmente elaboran censos de aves e plantas e medicións de radioactividade a través dun contador Geiger.

Unha cinta de cor verde identifica a estes bici-vixias que abren as portas a

novas incorporacións co fin de formar unha rede de continua vixiancia do noso entorno.

Entre os roteiros seguidos cabe mencionar o que percorre o centro do Monte do Faro, ou aquel que segue os ríos Asma e Miño. Outro desenrólase pola parte oriental do municipio. Asemade os mais pequenos bici-vixias están a preparar roteiros polo casco urbán e os arredores para observar a situación da depuradora, do río ó paso pola vila, dos distintos parques municipais, etc.

As experiencias dos bici-vixias do ambiente mostrannos que os vertedeiros de lixo, as talas indiscriminadas, a contaminación nos ríos... son algunhas das mais preocupantes realidades do noso entorno. ■

XORNADAS SOBRE ECONOMIA E RECURSOS NATURAIS

Organizadas polo Comité Aberto (de estudantes) de Económicas e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, estas xornadas terán lugar durante os días 1, 2 e 3 de marzo, no salón de Grados da Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago.

O programa consta das seguintes conferencias:

- «Economía e Ecoloxía na Historia de Galiza: Os Recursos Naturais e o Desenvolvemento Económico», a cargo de Xavier Simón, da Universidade de Vigo.

- A Xestión dos Recursos Mariños en Galiza: O Mar como Unidade Bioeconómica», por Uxio Labarta, do Instituto de Investigacións Pesqueiras de Vigo.

- A Agricultura Biolóxica», por Eduardo Sevilla Guzmán, da Universidade de Córdoba.

- Galiza: Sector Forestal e Industria», por Albino Prada, da Universidade de Vigo.

- «Alternativas no Uso dos Recursos

Esgotábeis: o caso da Enerxía», por Antonio Lucena, de Aedenat.

- «Os Límites do Desenvolvemento: Industria e Medio Ambiente», por Ramón Varela Diaz, de Adegas.

Esta temática será completada cunha mesa redonda sobre o Plan de Residuos Sólidos Urbanos de Galiza, elaborado pola Xunta, na que se debatirá o uso dos recursos e a enerxía no mencionado plan, e se comparará con outras alternativas baseadas na redución, reutilización, substitución e reciclaxe de materiais.

1º ENCONTROS DE GRUPOS ECOLOXISTAS GALEGOS E PORTUGUESES

O grupo ecoloxista ADENCO (Asociación para a Defensa da Natureza do Condado), en nome da AGENG (Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza), organiza este 1º Encontro, que se celebrará na vila de As Neves (Pontevedra), proximamente, nunha data aínda non fixada.

O Encontro ten como obxectivo principal a mellora das relacións entre os gru-

pos galegos e portugueses, a través do intercambio de experiencias. A este debate sumará-se a análise doutros temas propostos polos diferentes grupos, entre os que xá figuran as campañas de oposición ao «Salto do Sela».

Os actos desenvolverán-se nos baixos do concello de As Neves. Para mais información dirixir-se a Adenco, Apdo. de Correos 132 de Pontearreas.

A CASA DA TERRA

A Casa da Terra desenvolveu durante este nadal diversas actividades destinadas ao lecer, entretenimento e formación ambiental de mozas/os e maiores. Campos de traballo e campamentos, nos que é doado facer novas e novos amigos, presentaron nesta vegada o interese de coñecer os traballos e labores de inverno no meio rural. A elaboración de menús baseados nos produtos artesanais e/ou menús vexetarianos, os obradoiros de xoguetes e tintes naturais, os itinerarios na natureza... son algúns dos elementos nos que se fundamentan estas vacacións alternativas.

Aperta Educación Ambiental, organizadora das actividades da Casa da Terra, comunica o seu novo enderezo:

Centro Cultural «As Torres»
R/ Emília Pardo Bazán s/n
15179 Santa Cruz - Oleiros.